



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man común de Pontevedra ditou a seguinte  
**RESOLUCIÓN:**

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias  
( Xefe Territorial)

#### VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay  
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez ( Letrada da Xunta de Galicia)

#### VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE TABORDA ( TOMIÑO)

Miguel Angel Silva Míguez  
Henrique González Ferreira

#### SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 08/11/2018 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado “Feira da Vinde”, na parroquia de San Miguel de Taborda, do concello de Tomiño, solicitado a favor da CMVMC de Taborda ( Tomiño)

#### Antecedentes de feito:

**Primeiro.** Con data do 20/03/2014 Henrique González Ferreira, en calidade de presidente da CMVMC de Taborda, presenta unha solicitude de iniciación para a clasificación do monte denominado “Feira da Vide”, “Feira Da Vinde” ou “Tomada da Feira do Vinte” como veciñal en man común a favor dos veciños da CMVMC de Taborda, do concello de Tomiño, acompañando dun informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

**Segundo.** O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, en sesión de 08/02/2016, iniciar o correspondente expediente de clasificación.

**Terceiro.** En data do 22/02/2016 a Secretaria do Concello de Tomiño emite unha certificación da XGL na que se indica en relación ao acordo de iniciación do expediente de clasificación da parcela Feira da Vide que a XGL ratifícase en acordos anteriores, no senso de non opoñerse á clasificación de montes sempre que os mesmos teñan uso forestal e comunal.

**Cuarto-** En data do 15/03/2016 o Presidente da CMVMC de Taborda presenta un escrito por medio do cal se rectifica a configuración perimetral do monte xa que por un erro incluíse dentro do seu perímetro unha propiedade particular pertencente a Daniel Pérez Pérez, e indicase que, personado no terreo o Axente Forestal da zona, o propietario do terreo e o perito autor do plano, e tras examinar o documento de propiedade presentado por o Sr. Daniel Pérez, procedeuse a identificación e delimitación da súa propiedade con monte veciñal, deixando a correcta liña de deslinde entre ambas propiedades levantadas topograficamente.

Aos efectos de corrixir os erros apreciados, achégase plano topográfico definitivo do monte coa súa correcta denominación da parcela como “Feira da Vinde ”

**Quinto-**O monte obxecto deste expediente de clasificación descríbese pola comunidade da seguinte maneira:

**CONCELLO: TOMIÑO**  
**PARROQUIA: TABORDA**  
**NOME DO MONTE: “ FEIRA DA VINDE”**

**Cabida:** 17.283,00 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Remedios Castro González, Candelaria Solleiro Benavides, Venancio Torres Vázquez, José Costas Salgueiro, María Olga Castro González, Manuel Expósito; Urbano Vicente Ferreira, Santiago González Castro, José Álvarez Gaxo, Bienvenido Correa González, Flora Martínez Durán, Eva González González, José Eugenio Parente Tejido, María Rodríguez Reyes, Davinia Castro Calzado, María Vázquez Magán, María Olga Calzado Castro, María del Carmen Domínguez Tejido, Celso Fernández Durán, Pilar Pereira, José Valverde Rial, Concepción Pérez Portas, Manuel Expósito Amorín , Candelaria González Alonso, José Raimundo González Fernández y Daniel Pérez Pérez.

**Sur:** camiño público TAB- 062, camino publico TAB- 035, José Álvarez Puentes, Josefina Amorín Salgado, Cristobal Calzado Tejido, M Pilar Castro Calzado, Camila Rosalia Castro Castro, Ricardo Castro Fernández, Gumersindo Domínguez Sales, Eugenio Domínguez Senra, M.<sup>a</sup> Carmen Domínguez Tejido, Gumersindo Fernández Parente, José González Salgueiro, Flor Martínez Durán, José Eugenio Parente Tejido, Emiliano Pazos Martínez, Manuel Pérez Bouzada, María Rodríguez Rodríguez, Nemesio Salguerio Álvarez.

**Leste:** estrada, M.<sup>a</sup> Olga Calzado Casto, M del Carmen Domínguez Tejido, Manuel Expositor Amorín, Celso Fernández Durán, Candelaria González Alonso, José Raimundo González Fernández, Pilar Pereira, Concepción Pérez Portas.

**Oeste:** camiño público TAB-035, M.<sup>a</sup> Sol Castro Martínez, José Castro Vicente, Gumersindo Fernández Parente, José Raimundo González Fernández, M.<sup>a</sup> Carmen González Pereira, Modesto López Tejido, Flora Martínez Durán, Víctor Rolán López.

Respecto a súa cabida cabe precisar que orixinariamente o monte encontrábase formado unha unidade física, se ben na actualidade atopase dividido en 5 porcións de terreo separadas por varios camiños que pasaron recentemente a formar parte da rede de camiños públicos municipais.

**Sexto.** De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe preceptivo do Servizo de Montes e que foi remitido ao Xurado con data do 12/04/2016 no que se indica en síntese que :

Parcela A superficie alegada na solicitude: 527 m<sup>2</sup>

Estado forestal:

Especies de matorral: Raso desbrozado

Servidumes: Liña de transporte de enerxía eléctrica, camiño de paso



Usos e aproveitamentos observados: Desbrozado recentemente pola comunidade de Taborda. A parcela non é produtiva para arborado pola existencia da liña eléctrica e dunha casa. Segundo os veciños sempre pertenceu ao concello de Tomiño.

Parcela B superficie alegada na solicitude 1.226 m<sup>2</sup>

Estado forestal:

Especie arbórea principal: Quercus robur

Especies secundarias: Pinus pinaster

Especies de matorral: Fentos, Silvas

Servidumes: Liña de transporte de enerxía eléctrica, camiño de acceso a finca pechada e con galpón.

Usos e aproveitamentos observados: Ningún. Parcela sen limpar. Segundo os veciños sempre pertenceu ao concello de Tomiño

Parcela C Superficie alegada na solicitude: 310 m<sup>2</sup>

Estado forestal:

Especie arbórea principal: 2 pés de Quercus robur

Especies de matorral: Silvas, codesos

Servidumes: Liña de transporte de enerxía eléctrica, liña telefónica

Usos e aproveitamentos observados: Ningún. Non ten uso forestal arborado pola liña eléctrica. Segundo os veciños sempre pertenceu ao concello de Tomiño

Parcela D superficie alegada na solicitude 12.595 m<sup>2</sup>

Estado forestal:

Especie arbórea principal: Quercus robur

Especies secundarias: Pinus pinaster

Especies de matorral: Está desbrozado

Servidumes: Liña telefónica, camiño

Usos e aproveitamentos observados: Desbrozado recentemente pola CMVMC de Taborda.

Un veciño afirma posuír desde fai anos a parte da parcela dedicada a viñedo

Segundo os veciños a parcela D sempre pertenceu ao concello de Tomiño.

Parcela E superficie alegada na solicitude 2.625 m<sup>2</sup>

Estado forestal:

Especie arbórea principal: Quercus robur

Especies secundarias: Pinus pinaster

Especies de matorral: Está desbrozado

Servidumes: Camiño, Liña telefónica

Usos e aproveitamentos observados: Desbrozado recentemente pola CMVMC de Taborda.

Segundo os veciños a parcela D sempre pertenceu ao concello de Tomiño.

**Sexto.-** O Rexistrador da Propiedade de Tui certifica con data do 23/01/2017, que non figura inscrita neste Rexistro ningunha finca coa descrición que do monte se fai na solicitude de certificación de cargas.

**Sétimo.-** Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentaron alegacións ou documentación algunha

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de xeito continuado, así o establece o artigo 1º da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluindo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de forma mancomunada ( STS de 07/03/01).

**Terceiro-** O aproveitamento veciñal da parcela debe valorarse no contexto de unidade do monte e non de xeito individualizado logo da división da parcela.

O uso e aproveitamento veciñal do monte queda acreditado a través do informe pericial asinado polo técnico Roberto Ocampo Caralda baseado principalmente na recollida de leña para combustible e de mato, toxo e fentos para a preparación da cama de gando e posterior produción de esterco, así como polo acordo da Xunta de Goberno Local do 28/12/2007 mediante o que se estima o recurso presentado pola CM de Taborda por medio do cal se da de baixa no Inventario de Bens Municipais a parcela 279 do polígono 48, Feira da Vinde de 9.503 m<sup>2</sup> “ (...) tendo en conta as características da mencionada parcela e os compromisos recoñecidos pola CM respecto da limpeza da mesma e dos gastos do informe topográfico (...) as características da parcela xustifican a posible titularidade da mesma a favor da CMVMC de Taborda “. esta circunstancia desacredita as manifestacións dos veciños recollidas no informe preceptivo do Servizo de Montes.

Así como polo recoñecemento expreso do concello a favor da clasificación da parcela como veciñal no acordo adoptado pola XGL de data 15/03/2018.

Do informe preceptivo de montes conclúese que na maior parte da parcela a comunidade realizou recentemente labores de limpeza e roza, existindo outras zonas do monte improdutivas debido as condicións do mesmo - a liña eléctrica e telefónica.

Finalmente, a falta de oposición de terceiros durante o trámite de audiencia leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal do terreo obxecto do expediente.


En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** provincial por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

**Clasificar** o monte “ Feira da Vinde” solicitado a prol dos veciños da CMVMC de Taborda ( Tomiño) por reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e a planimetría que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



105



Parcela A  
527 m<sup>2</sup>

Parcela B  
1.226 m<sup>2</sup>

Parcela C  
310 m<sup>2</sup>

Parcela D  
12.595 m<sup>2</sup>

Parcela E  
2.625 m<sup>2</sup>

Tomada

PO-350

O Pazo

**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
 SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Monte "Feira da Vide"

Comunidade de montes de TABORDA

Concello de Tomiño

Escala: 1:2.000  
 ETRS 89 Pso 29  
 Novembro - 2018



*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

523000

523200

522600

522800

4651000

4650800

4651000

4650800